

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE DECEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 17 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D<sup>a</sup>. María Isabel Cabeza Pereiro (asiste aos puntos 8a e 9a)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 13 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

**8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos o 12 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 4 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 3 de decembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT.

Durante o prazo concedido, o citado licitador non presentou documentación ningunha.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 17 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o citado informe e propoñer ao órgano de contratación a exclusión da UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT dos lotes 1, 2, 4 e 5 por non ter presentado xustificación ningunha en prazo. A tramitación do lote 3 (Candeán) atópase suspendida automaticamente polo recurso interposto pola Comunidade de Montes de Candeán.

**9.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202) na seguinte orde descendente:

	<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1º	<b>QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.</b>	<b>81,05</b>
2º	NORPREVENCIÓN, S.L.	63,88
3º	CONSULTORÍA INTEGRAL DE PRL, S.L.	62,62
4º	ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.	52,98



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para acreditar a solvencia técnica e a habilitación profesional deberán ter en conta o esixido nos apartados 5C e 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (lotes 1, 2, 4 e 5)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT dos lotes 1, 2, 4 e 5, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) na seguinte orde descendente:

**Lote nº 1: Campo de Navia**

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	85,81
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,15
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	21,79

**Lote nº 2: Campo de Meixoeiro:**

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,06
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	72,84
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

**Lote nº 4: Campo de A Bouza:**

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,09
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,09
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

**Lote nº 5: Campo de Baltasar Pujales Bouzas:**

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,43
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,06
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,11
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04
5	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.	20,04
5	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	20,04

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 4 e 5, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo das garantías definitivas esixibles de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**10.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	98,40
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	95,51
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	94,80
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	94,30
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	92,02
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,29
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,14
8	ORECO, S.A.	88,43
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,78
10	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	86,77
11	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	81,91
12	COPCISA, S.A.	78,67
13	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	55,54

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, o día 27 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de outubro de 23 de novembro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) por un prezo total de 737.265,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.955,17 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:28	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAA48-C23H34-C63FDE-HBE4EB-LV1ECT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		